



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E UN DE AGOSTO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusan asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
Secretaria acctal	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dez horas e corenta minutos do día vinte e un de agosto de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día oito de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 1207/12 de dona M^a. Carmen Camino Pérez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, consistente en repoñer tella deteriorada, nunha superficie aproximada de 12 m² en planta, e recebar con morteiro branco as fachadas, de aproximadamente 300 m² de superficie, sita en Galegos -Vilanova, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e a cor a utilizar nas fachadas será branca ou en ton suave acorde co entorno.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento sesenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (#169,87#)



3º.- Acordo, se procede, sobre convenio co concello de Boqueixón para a realización dun obradoiro de emprego.

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 27 de xullo de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 (DOG nº 146/12, do 1 de agosto).

Ao abeiro da mesma, os Concellos de Vedra e Boqueixón están a realizar os trámites de solicitude dun Obradoiro de Emprego denominado “*Obradoiro de Emprego Vedra -Boqueixón*”, que terá dúas especialidades : “*Fábricas de Albanelería*” e “*Traballos de carpintería e moble*”, e un orzamento de 373.969,98 euros, dos cales a Consellería de Traballo e Benestar achegará 264.497,40 euros, o Concello de Vedra 61.252,74 euros e o Concello de Boqueixón 48.219,84 euros.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración do Concello de Vedra e Boqueixón de solicitude, como concellos asociados, dunha axuda para a realización dun Obradoiro de Emprego, e aprobar o proxecto e a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

2º.- Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do citado proxecto.

3º.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da achega municipal correspondente ao Concello de Vedra que ascende a 61.252,74 euros.

4º.- Aprobar o seguinte proxecto a executar mediante o Obradoiro de Emprego “*Rehabilitación edificacións en estación de Renfe de Santa Cruz de Ribadulla*” cun orzamento de 61.252,74 euros.

5º.- Dispor das instalacións necesarias para a execución de ditos proxectos.

6º.- O Concello de Vedra asumirá a función de promotor e o Concello de Boqueixón a de colaborador. A distribución de funcións realizarase segundo se recolle no convenio de colaboración asinado.

7º.- Facultar ao Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Vedra para levar a cabo todos os trámites necesarios coa Consellería de Traballo e Benestar para o proxecto que nos compete.

4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Núm. Factura	Provedor	Importe	Descrición
2012/1754	Sogama S. A.	7.928,36 €	Tratamento de residuos sólidos do mes xuño
2.012.289	Electricidad Cruceiro, SL	1.500,13 €	Arranxo poste de alumado publico en S. Pedro a pagar por compañía aseguradora de vehículo responsable
38.412	Electro Bermudez- Jose Bermudez Reboredo	16,52 €	Chapas gravadas para Festival Bandas de Música



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



34-12	Xose Penabade Gonzalez-Teatro Volta e Dalle	2.300,00 €	Representación obra Manciñeiros-Red Cult.Dip. 2011
234	Centro de Recuperación de Cultura Popular	26,80 €	Visita de Ludoteca de Verán a Castelo de Sobroso
0	Asociación Ruta do Viño Rías Baixas	600,00 €	Cota anual de participación de exercicio 2012
V715393	Ricoh España, SLU	302,32 €	Cota mínimos fotocopiadoras ofic. xeral. mes xullo
32 5233	Ulla-Oil S. L.	1.381,30 €	Gasóleo B subministrado en nave de Trobe en xullo
N12-1396	Hércules Ediciones S.A.	184,00 €	Tomo 59 obra Galicia Heráldica para biblioteca municipal
12-00174	Pazo de Galegos - Garcia Cebeiro, Pablo	21,24 €	Estoxo para atencións protocolarias de Alcaldía
05/2012	Union Fenosa Comercial, S.L.	3.462,65 €	Subministro a 5 alumeados públicos meses marzo -abril
3.120.510.284.5 30	Union Fenosa Comercial, S.L.	240,76 €	Subministro á gardería (de 30/03 a 01/05)
3.120.510.250.1 32	Union Fenosa Comercial, S.L.	953,44 €	Subministro ao CEIP Santa Cruz (28/02 a 01/05)
3.120.410.324.0 24	Union Fenosa Comercial, S.L.	1.076,76 €	Subministro ao CPI de Vedra (30/03 a 30/04)
3.120.410.325.4 88	Union Fenosa Comercial, S.L.	704,35 €	Subministro á depuradora S. Xían (de 30/03 a 30/04)
3.120.410.321.5 93	Union Fenosa Comercial, S.L.	408,55 €	Subministro á casa do concello (do 30/03 a 30/04)
3.120.410.327.7 20	Union Fenosa Comercial, S.L.	729,43 €	Subministro ao campo fútbol S.Mamede marzo-abril
3.120.410.325.2 21	Union Fenosa Comercial, S.L.	210,45 €	Subministro á piscina municipal meses marzo-abril
05/2012	Gas Natural, SA	14.410,15 €	147 fras. de maio por subministro alumeados públicos
1.120.511.415.3 10	Gas Natural, SA	-57,27 €	Fra. regularización alumeado público de Bazar
1.120.412.718.6 08	Gas Natural, SA	-63,09 €	Subministro á oficina de turismo (regularización)
1.120.510.388.8 30	Gas Natural, SA	103,83 €	Subministro á casa reitoral Ponte Ulla marzo-abril
1.120.610.033.4 94	Gas Natural, SA	226,08 €	Subministro ao centro saúde de Vedra (30/04 a 31/05)
1.120.610.128.9 08	Gas Natural, SA	170,59 €	Subministro ao centro saúde Sta.Cruz (30/04 a 31/05)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.120.512.661.6 61	Gas Natural, SA	29,33 €	Subministro nave de Trobe (30/04 a 31/05)
1.120.512.700.3 42	Gas Natural, SA	168,21 €	Subministro á ludoteca (30/04 a 31/05)
06/2012	Gas Natural, SA	315,60 €	Subministro a 8 edificios culturais (30/04-31/05)
06/2012	Gas Natural, SA	313,90 €	Subministro a 11 escolas unitarias mes maio
A/918	Aguardientes de Galicia, S.A.	24,83 €	Produtos para atencións protocolarias
V12-52	Servinor Prevencion, S.L.	644,28 €	Vixilancia saúde traballadores municipais (1 trimestre)
91.184.912	Repsol Butano, S.A.	30,00 €	Liquidación operación servizos (emisión tarxeta)
1.120.512.651.3 45	Gas Natural, SA	102,77 €	Subministro ao punto limpo mes maio
1.120.610.087.1 43	Gas Natural, SA	8,93 €	Subministro á estación bombeo Socastro mes maio
38.629	Acredores diversos	86,51 €	Fra. Comunicacions Callwomen S.L. por caramelos
36	Grupo Acofide, SC	5.826,25 €	Mantemento e actividades deportivas en xullo
37	Grupo Acofide, SC	4.849,80 €	Servizo socorrismo+xestión piscina meses de xuño e xullo
13	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.	2.476,63 €	Plan especial núcleo tradicional Ponte Ulla mes de xullo
VD07/2012	Ana Naya Garcia. S.L.	5.969,35 €	Servizo de gardería no mes de xullo
12/9	Freiria Suarez Jose Maria	3.701,03 €	Servizo de limpeza en xullo
4	Suarez Barreiro Pilar	1.282,27 €	Atención albergue de peregrinos en xullo
2	Suarez Barreiro Pilar	-176,66 €	Abono enerxía eléctrica pagada polo concello
25/2012	Panaderia Victoria-Jesus Rodriguez Mogo	432,00 €	Comidas para reunión da Terceira idade
63	Garcia Garcia S.C.	109,90 €	Materiais para excursión Terceira idade a Muros
3	Suarez Barreiro Pilar	-30,01 €	Abono liquidación instalación de gas
12/08	Herraiz Cabanas Rosa	118,00 €	Maqueta en castelán do folleto 'Son Vedra'
22	Camino Bouzon Miguel Angel	164,02 €	Fontanería en campo festa S. Xián e S.Mamede



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



21	Camino Bouzon Miguel Angel	3.233,25 €	Obras en piscina e campo fútbol de Santa Cruz (instal. motor)
20	Camino Bouzon Miguel Angel	63,72 €	Obras no centro de saúde
84.131.158	Reale Seguros Generales, S.A.	332,50 €	Seguro Nissan protección civil 2445-BLH
84.131.266	Reale Seguros Generales, S.A.	411,22 €	Seguro Nissan Vanete C-6142-BS de brigada verde
84.131.599	Reale Seguros Generales, S.A.	302,12 €	Seguro Nissan Patrol C-6247-BF de brigada de obras
3	Asvetrans, S. Coop. Galega	-4.187,82 €	Abono fra. por erro en importe
3.028	Asvetrans, S. Coop. Galega	153,40 €	Transporte mestura bituminosa para obras en xuño
3.030	Asvetrans, S. Coop. Galega	153,40 €	Transporte mestura bituminosa para obras en xullo
18/12	Mera Sanchez Delmira - Xardíns O Val de Illobre	1.734,60 €	Traballos limpeza en campos das festas e outros
C090462	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	2,77 €	Importe carta certificada urxente á Deputación
P-205354	Editorial Compostela, SA	300,00 €	Concerto publicidade mes de xullo
28-H282-323123	Telefonica Moviles España, S.A.	461,07 €	Telefonía móbil do mes de xullo
C494746	Recambios Frain S.L.	616,31 €	Recambios para a maquinaria municipal
12/860	Puente Ulla S.L.	1.786,23 €	Gasóleo A para camión recollida lixo n xullo
12-859	Puente Ulla S.L.	23,40 €	Gasolina para a maquinaria municipal
12/855	Puente Ulla S.L.	133,00 €	Gasóleo para os tractores municipais
113/12	Montajes Electricos Vizcaino, S.L.	2.300,00 €	Mantemento alumeados públicos en xullo
948	Montaxes Eléctricos Fernández S.L.	168,39 €	Instalación luminarias Casa Cultura San Xián
280	Sociser Galicia, S.L.	9.181,26 €	Horas servizo de dependencia do mes de xullo
279	Sociser Galicia, S.L.	4.787,13 €	Horas atención a domicilio do mes de xullo
319/E12	Talleres San Fins, S.L	322,08	Arranxos C-15 en xullo
355/E12	Talleres San Fins, S.L	137,52	Arranxos en desmalezadora en xullo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



367/E12	Talleres San Fins, S.L	220,57	Repostos para maquinaria brigada verde en xullo
368/E12	Talleres San Fins, S.L	200,01	Arranxos na retroexcavadora en xullo
369/E12	Talleres San Fins, S.L	510,65	Arranxo Nissan Patrol en xullo
370/E12	Talleres San Fins, S.L	54,65	Filtros para Nisan Vanette
371/E12	Talleres San Fins, S.L	113,87	Arranxos no tractor municipal en xullo
372/E12	Talleres San Fins, S.L	1.985,88	Arranxos e repostos para desmalezadora en xullo
120.023	Jesús Isla Arjones	30	Análise auga gardería
	Digital +	17,95	Servizo TV Digital na Casa 3ª idade en agosto
	Editorial Compostela, S.A	41	Subscrición ao xornal en agosto
	Allianz Cª. Seguros y reaseguros	96,15	Póliza seguro curso prevención incendios
2012/1949	Sogama	8.641,86	Tratamento residuos sólidos do mes de xullo
12/00570	Sapa Cont. y Serv., S.L.	226,8	Alugamento colectores punto limpo en xullo
4.000.959.690	Correos y Telégrafos, S.A	460,86	Remisión documentación en xullo con franqueo pagado
1.201.056.845	Adif	206,5	Alugamento locais estación Sta. Cruz en xullo
	Mª. Cruz Vilas Giadanes	15,77	Quilometraxe xestións varias
	Iván García García	133,3	Quilometraxe e gastos autoestrada por xestións en A Coruña
	Carmen A. Sabio Sanz	101,59	Quilometraxe meses de xullo e agosto
	María Canedo de la Torre	148,08	Fondo social (oftalmoloxía), segundo bases orzamento (75%)
	Membros Mesa Selección prazas Protección Civil	233,04	Asistencias á Mesa de Selección prazas oficial de segunda de Prot. Civil
	Mesa Contratación Permanente	122,03	Asistencias Mesa Contratación obras POS 2012
	José I. Munín Castelao	99,54	Quilometraxe meses maio, xuño e agosto
	Notas varias de contado	45,6	Materiais diversos para a ludoteca en xullo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.



5º.- Acordo, se procede, sobre solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

5.1.- Escrito núm. 1.234/12 de dona M^a. Amelia Castro Granja.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Piñeiro - Illobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 79%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5.2.- Escrito núm. 1.235/12 de don José Enjamio Bao.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Piñeiro - Illobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 80%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5.3.- Escrito núm. 1.239/12 de don Eugenio Montero Couto.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 72%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de agosto do ano que andamos, pola que se lle comunica a don Francisco Luís Sande Fernández que no prazo dun mes deberá proceder á limpeza da finca sita na Ferreira -San Fins de Sales, con referencia catastral 000701300NH43G0001AJ, cortando as ramas que invaden o vial municipal e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da citada Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de agosto do ano que andamos, pola que en relación co expediente de imposición de multas coercitivas por



incumprimento da orde de execución ditada por Resolución da Alcaldía de data 6/10/2011 e nos termos do expediente tramitado para a limpeza e acondicionamento da parcela e vivendas do ámbito do SAU-1 na parroquia de San Xián de Sales, propiedade de Invergar Maril, S.L, acórdase proceder á execución forzosa e impoñer aos responsables da empresa unha segunda multa coercitiva por importe de seiscentos (#600,00#) euros.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de agosto do ano que andamos, pola que se delega no concelleiro don Enrique Vázquez Martínez a celebración do matrimonio entre José Antonio Casanova Vidal e dona Cristina Albela Caramés.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de agosto do ano que andamos, se delegan as funcións da Alcaldía na 4ª Tenente de Alcalde, dona Mª. Jesús Piñeiro Caldelas, do 22 de agosto ao 8 de setembro, ámbolos dous incluídos, por ausencia do Sr. Alcalde por motivos persoais.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Escrito núm. 1.244/12 do Club Ciclista Teo

Dáse conta do citado escrito no que expoñen que o 18 de agosto celebrouse a proba ciclista XIII Trofeo Vila de Luou, de categoría autonómica para escolas e cadetes, disputando en Vedra premios intermedios: meta voante en Trobe, premio da montaña na Gaiosa e o sprint especial en San Xián de Sales, polo que solicitan unha axuda para sufragar os custos da citada proba.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos cincuenta (#350,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das once horas e cincuenta minutos.